


APRENDEMOS NAS ONDAS!

Nesta 3ª avaliación non queremos máis deberes aburridos. Por iso, o alumnado de 1º ESOB1 vai centrar os seus esforzos nun proxecto revolucionario. Iremos poñer en marcha un programa de radio!

Nas seguintes páxinas recóllense as instrucións básicas de como vai funcionar este proxecto. Prestade atención!





Podcast

QUE É ISO?

O que nós imos crear é un **podcast**. Un podcast é coma un programa de radio que, en lugar de emitirse mediante unha emisora de radio, se distribúe a través da Rede.

É dicir, cada un/ha de vós terá que ir traballando semanalmente na súa casa para crear os contidos que despois utilizaremos para facer o programa de radio.

Deste xeito, todo o que fagades estará encamiñado á creación deste programa, polo que ademais de escribir ides ter que gravar audios de todo o que escribades.

Eu, a profe, encargareime da parte técnica, isto é, xuntareino todo e dareille forma de programa de radio.



Como imos traballar?

Cada semana eu dareivos instrucións do que tedes que facer a través da Aula Virtual. O voso traballo vai ter sempre 2 fases: unha de redacción e outra de locución. Así, primeiro teredes que redactar os contidos que eu vos indique (facer o guión) e, despois de que eu os revise, teredes que gravar un audio do que redactastes. Polo tanto, o único que precisaredes para isto é:

- A vosa cabeciña.
- A vosa voz.
- Un teléfono móbil ou ordenador para comunicarvos comigo, enviarme o que escribides, gravarvos e enviarme os arquivos de audio.




Que contidos imos crear?

No noso programa de radio vai haber de todo un pouco: noticias, entrevistas, crónicas de confinamento, reportaxes, contos, regueifas, anuncios publicitarios, espazos musicais, información deportiva, receitas de cociña, recitais de poesía...

Onde se poderá escoitar o noso podcast?

Os nosos programas de radio penduraranse en internet, polo que calquera persoa que teña conexión poderá escoitalo (mesmo desde o móbil).



Cando imos comezar?

XA! O primeiro que temos que facer é buscar un nome para o noso programa. Así, o que tedes que facer é **enviar unha proposta cada un/ha de vós**. Como queredes que se chame o noso programa?

Debedes enviar esta proposta a olalla.linhares@gmail.com **antes do martes día 21.**

Xunto con esta proposta, neste correo tamén podedes comentarme que contidos vos gustaría incluír no noso programa de radio en base ós vosos gustos e intereses. Non vos cortedes!



IMPORTANTE!

Imos poñer en marcha un proxecto colectivo que só funcionará se todos/as colaboramos. É importante que sexades responsables á hora de facer o que se vos pide. Non vos preocupedes, imos ir pouco a pouco, tedes moitas materias e non vos quero poñer moita carga que traballo. Pero o que vos poña, facédeo.

Teredes que aprender a utilizar o correo electrónico, pois será o medio de comunicación que utilizaremos para enviarme o que ides facendo e resolver dúbidas.

Se alguén ten algún problema con este método de traballo ou algunha dificultade técnica que me avise escribíndome ó correo e miramos de resolvelo.



MOI IMPORTANTE!

O máis importante de todo isto é que **desfrutemos** aprendendo. Para contribuír a iso, por suposto, haberá **sorpresas...**

***Non podemos ir á clase
porque estamos confinadas
pero dende as nosas casas
nós seguimos conectadas.***

***Non queremos máis deberes
somos xente moi festeira
imos dar clase na radio
abride ben as orellas!***